

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2011**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 13 de outubro de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional do Cuco, parroquia de Santo André de Castro, polígono 499, parcela 310, cunha superficie de 2.530 m<sup>2</sup> para substitución de cuberta do edificio sito na rúa Catedral, número 26; para construción de garaxe de uso privado (grao 1º), en espazo libre de parcela para vivenda unifamiliar con licenza número 970/06, en solo urbano, na Calzada das Gándaras, número 201 - rúa San José e para legalización de entresollado no edificio construído coa licenza número 1013/70, sito en solo urbano, na rúa Pintor Luís Seoane, número 46.

Acórdase a concesión de licenza de primeira utilización para o edificio sito na avda. Aquilino Iglesias Alvariño, número 30, e rúa da Fábrica da Luz, número 2, con licenzas de obra números 1021/07, 1323/10 e 626/11.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación da subministración de diversos consumibles de papelería, mediante acordo marco con procedemento aberto e da apertura do procedemento de contratación.

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refª: 11extractoxg49.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-10-2011

Acórdase a aprobación do acordo da comisión bilateral celebrada o 29 de abril de 2011, relativa á Área de rehabilitación integral do núcleo histórico de Lugo, 12ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia, plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012. Período 2010.

Así mesmo, acordase a autorización de execución e aprobación de compromisos na aceptación, no marco dos proxectos de emerxencias 2011 da Consellería de Medio Rural, da execución da actuación nomeada “Acondicionamento do camiño do cemiterio de San Froilán a Esperante” do municipio de Lugo.

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para colocación dous toldos na rúa Xoán Montes, 9, esquina rúa do Progreso.

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

**4. CULTURA.-** Acórdase a asignación de nomes a diversas rúas e cambio de numeración da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración para a cesión de uso dunha superficie situada na parcela na que se encontra construído o centro de saúde sito na praza de Ferrol, 11, de Lugo.

- Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á xestión do servizo público de axuda no fogar e comida no fogar no Concello de Lugo. Lote 2 SCF, por prazo máximo de 3 meses ou prazo inferior ata a adxudicación do novo contrato.

- Acórdase aprobar o proxecto e o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento negociado, e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación das obras de demolición e reposición parcial de cuberta na rúa Montero Ríos, número 16, en execución da sentenza 453/1993.

Lugo, 20 de outubro de 2011  
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez